



Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto modificado núm. 1 do proxecto construtivo: “Acceso ao Parque de Actividades económicas de Arteixo (A Coruña)”, de clave: AC/17.166.01.M1

ANTECEDENTES

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 63, do 1 de abril de 2019, publicouse o Anuncio do 21 de marzo de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto modificado núm. 1 do proxecto de construción: “Acceso al Parque de Actividades Económicas de Arteixo”, de clave: AC/17/166.01.M1, de acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, para que as persoas que o consideraran oportuno formularan por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestructuras, as observacións que considerasen convenientes relativas á concepción global das actuacións contidas no proxecto.

Segundo. O “Acceso ao Parque de Actividades Económicas de Arteixo (A Coruña). Proxecto modificado núm.1”, de clave AC/17/166.01.M1, comprende as modificacións da configuración do enlace de conexión do Parque Empresarial de Actividades Económicas de Arteixo coas estradas autonómicas AC-551, AC-552 e a autoestrada de peaxe AG-55 e coa autovía A-6.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado modificado do proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.





No seu apartado 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que “logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente”.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais nas que se asentén as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.





Polo exposto, o Concello de Arteixo deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto modificado núm. 1 do proxecto de construción: “Acceso al Parque de Actividades Económicas de Arteixo”, de clave: AC/17/166.01.M1.

Segundo. Aprobar o proxecto modificado núm. 1 do proxecto de construción: “Acceso al Parque de Actividades Económicas de Arteixo”, de clave: AC/17/166.01.M1, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Non obstante, atendeuse a petición de Xestur S.A., de que sexa o proxecto sectorial do parque empresarial o que determine a aliñación da edificación nas parcelas limítrofes co enlace e co vial de acceso ó polígono de Morás, e proponse que no catálogo da rede de estradas autonómico que se está a tramitar, o ramal de acceso ao polígono estea catalogado como rede local.

Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Arteixo deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.



Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación,

(Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017)

O director da Axencia Galega de Infraestruturas



Francisco Menéndez Iglesias



